

## SEGUNDAS OPORTUNIDADES

En mañás coma esta desexo con todas as miñas forzas espertar e decatarme de que todo foi un mal soño. Erguerme con 11 anos de novo e cumprir co ritual de todos os días. Ou mellor aínda, que ninguén se moleste en espertarme e permanecer deitada ata que as miñas forzas se esgoten. Desexo darlle as costas ó mundo e que o tempo se deteña, mais no meu interior sei perfectamente que este segue a correr inexorablemente coma o sangue polas veas e que o mundo seguirá sen min. Sinto unha leve punzada nos riles, resollo, pero finxo estar durmida. O día vai ser moi longo.

...

- Yume, podemos xogar ao aro?
- Cala, estou a ver a televisión, prepara a cea que teño fame.
- Agora mesmo.
- Lehena
- Si?
- Rápido.

...

Ollo para Lehena e ela olla para min. Os seus ollos negros crávanse na miña retina. Despois de todo convertéronse nun espello que xa non agocha segredo ningún. Ela tamén recorda. Recorda demasiado.

...

- Corre, dáme a man.
- E os teus pais?
- Eles non teñen escapatoria, ven comigo.

....

Perdón. Perdón non significa nada. Hai un par de meses recibín unha chamada dos meus pais. Estiveron buscándome durante anos. Pensaran que morrera. Quizais iso sería o único que daría acougo ás súas almas. Non puiden escoitalos. A palabra traizón significa máis dos que eles pensaban.

...

- Non podes seguir vivindo connosco. Temos que mandarte a un centro de menores
- A un orfanato? Ídesme abandonar?
- Chámalle como queiras pero non podemos levarte connosco.
- Non quero marchar da casa. Papá gaña suficiente para manternos a todos. E que vai ser de Lehena?
- Sabe coidar de si mesma

...

Lehena é un ano menor ca min. Traballou dende cativa para a familia ata que un grupo de revolucionarios bombardearon a cidade. Ese día moitos dos meus irmáns e medio irmáns morreron. Ela e mais eu conseguimos escapar no camiión dun transportista. O único que lembro desa noite é a olor a verniz.

A revolución non durou moito. En apenas unha semana os civís tomaron a capital. Nós nunca vimos esas imaxes nin soubemos o que estaba a acontecer ata meses despois.

...

Lehena non mencionou nada. Non vou ser eu a que o faga pero a tensión nótase no ambiente. Vexo os informativos na televisión pero non consigo atender: accidentes, mortos, o descubrimento dunha nova vacina, resultados das enquisas, partidos políticos que discuten... todo pasa pola miña retina coma se dun filme se tratase.

...

- Deixa de saltar e camiña rápido. Esta non é zona para os teus xogos. Podería haber trampas nos arredores.
- Aai!
- Yume!

...

O ruído de fondo que envolvía o cuarto cesou de súpeto. Vexo a Lehena ollando para min. Sei o que iso significa. Quen necesita lembrar? Axúdame a me erguer e vístome con coidado de non rozar as feridas. A pesar dos meses que levo no hospital ningunha delas cicatrizou. Hoxe danme a alta e instalarémonos nun pequeno apartamento ás aforas da vila. Lehena di que é moi pequeno cun só cuarto pero estou segura de que a min me parecerá un palacio.

As portas do hospital ábrense e unha ráfaga de aire despeitea os meus cabelos. Por primeira vez en moito tempo vexo a cidade de Kubaít da miña infancia. Pequenos que camiñan das mans das súas nais, grupos de deportistas nas súas bicicletas... Teño medo de dar un paso máis e verme envolta entre a multitude, sinto medo de todo o que me rodea.

Ás veces esperto polas noites soñando con homes que buscan a miña morte, pero Lehena sempre está ao meu carón para calmarme e protexerme. Fun unha inconsciente, trateina mal durante toda a miña vida e agora ela é a que coida de min. O único que espero é poder devolverlle algún día o favor.

**Emma Fernández Fernández**